



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Nomeamento tenentes de alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de tenentes de alcalde

Expte. Admtv. núm. 2023/G005/000001

Expediente decreto nº. 2024/G003/000208

Por Resolución da Alcaldía núm. 261/2024, do 16/04/2024 nomearonse os membros da Xunta de Goberno Local e en exercizo das atribucións conferidas polos artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, artigos 61 e 62 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e artigo 46 do ROF "1. Os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde de entre os membros da Comisión de Goberno e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros. Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se nela non se dispuxese outra cousa. 2. Nos municipios con Comisión de Goberno o número de Tenentes de Alcalde non poderá exceder do número de membros daquela. Naqueloutros en que non exista tal Comisión, o número de Tenentes de Alcalde non poderá exceder do terzo do número legal de membros da Corporación. Aos efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de Concelleiros. 3. A condición de Tenente de Alcalde pérdese, ademais de por o cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Comisión de Goberno. 4. Nos Concellos que non teñan Comisión de Goberno poderán ser obxecto dunha soa resolución do Alcalde, o nomeamento como Tenente de Alcalde e a delegación de atribucións a que se refire o artigo 43 deste Regulamento."

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a Daniel Mata Martínez, como 2º tenente de alcalde, nomeado por Resolución da Alcaldía núm. 636/2023, en data 20/07/2023.

Segundo.- Nomear pola orde que se cita aos seguintes Tenentes de Alcalde:

1º Tenente de Alcalde: Eulogio Constantino Castiñeira

2ª Tenente de Alcalde: Sandra Mouzo Pose

3ª Tenente de Alcalde: Begoña Gegúndez Allo

Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas funcións, así como desempeñar as funcións de Alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata a toma de posesión do novo alcalde.

Terceiro.- Notifíquesele esta resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios destse concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao desta resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Mándoo e asínoo en Laxe, 18 de abril de 2024

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García

2024/2655